

NORMAS QUE REGULAN O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (REMAV), do Concello de Bergondo (A Coruña), aprobadas polo Decreto de Alcaldía 209/2005, de 7 de abril e modificadas polo Decreto 260/2010, de 21 de abril.

1ª.- OBXECTIVO DO REXISTRO.

O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (en adiante REMAV) ten dous obxectivos fundamentais no marco dunha correcta política municipal de fomento do asociacionismo participativo:

- a. Recoñecer ás entidades inscritas e garantírllle-lo exercicio dos dereitos regulados na lexislación vixente.
- b. Permitir ó Concello e á cidadanía coñecer en todo momento os datos mais importantes da sociedade civil do Concello, a representatividade, o grado de interese ou a utilidade cidadán das súas actividades, a súa autonomía funcional e as axudas que reciban doutras entidades públicas ou privadas.

2ª.- MEDIDAS DO CONCELLO PARA O FOMENTO DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS.

O Concello de Bergondo, en orde á promoción, fomento e axuda ás Asociacións veciñais, na medida das súas posibilidades orzamentarias, previo o procedemento correspondente e dentro dos límites legais, desenvolverá as seguintes actuacións:

- a. Outorgamento de subvencións a través do Orzamento municipal.
- b. Facilita-la utilización de medios públicos, locais e instalacións, do termo municipal.
- c. Servir de vía de participación veciñal nos órganos complementarios da Corporación, sen menoscabo das facultades que corresponden ós órganos representativos regulados por Lei.
- d. Facilita-la máis ampla información da Corporación municipal sobre as súas actividades, e especialmente en cuestións de relevancia.
- e. Remitir ó domicilio social das Asociacións as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas, previa petición da respectiva Asociación, cando na Orde do Día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade, recibindo así mesmo nestes supostos, as resolucións e acordos adoptados por ditos órganos.
- f. Fomenta-lo uso de novas tecnoloxías da información e da comunicación mediante a páxina Web municipal.
- g. En xeral, as demais recollidas na Constitución e nas Leis.

3ª.- TIPO DE ENTIDADES QUE PODEN INSCRIBIRSE.

Neste Rexistro municipal de Asociacións, só poderán inscribirse aquelas asociacións sen ánimo de lucro, e legalmente constituídas, que realicen un interese veciñal de defensa, fomento, ou mellora, con carácter xeral ou sectorial, dos bens materiais e inmateriais que o vecindario considera indispensable para unha vida urbana digna. Esa defensa do interese veciñal, pode ter como finalidades as seguintes:

- a. De integración social, que favoreza a identidade dunha zona do territorio, das súas tradicións etc.
- b. De reivindicación urbana de equipamentos colectivos, incluída a súa participación na súa explotación.
- c. De colaboración coa Administración no Planeamento urbano, e de representación dos veciños e de participación democrática na xestión e goberno no seu ámbito.
- d. Outras similares.

Estas asociacións deberán ter o seu domicilio social no Concello de Bergondo, e deberán estar inscritas ademais no Rexistro Xeral de Asociacións, distinto e independente deste Rexistro municipal.

Así mesmo, para poder acceder ós recursos municipais, e para poder exercer as asociacións os dereitos previstos nos arts. 232, 233 e 234 do ROF, as asociacións veciñais deberán estar inscritas formalmente no REMAV.

Non teñen cabida no REMAV as asociacións que o seu obxecto non responda a unha finalidade xeral/sectorial dos veciños

4ª.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA INSCRIBIRSE.

As entidades que desexen inscribirse neste Rexistro municipal presentarán instancia (Anexo I) dirixida á Alcaldía solicitando a súa inscrición, e acompañarán a seguinte documentación:

- a. Copia dos estatutos ou normas de funcionamento vixentes.
- b. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións da Administración Autonómica e outros Rexistros públicos de se-lo caso.
- c. Certificación, expedida pola persoa que teña a competencia e co visto e prace do Presidente/a, do acordo adoptado na última asemblea xeral de socios, ou órgano competente, no que se elixiu a Xunta directiva, que este vixente na data de inscrición da respectiva Asociación; indicando así mesmo os datos de cada un dos integrantes da citada Xunta e ademais as súas direccións e teléfonos.
- d. Domicilio Social.
- e. Código de Identificación Fiscal.
- f. Certificación do número de socios inscritos no momento da solicitude.
- g. Programa ou Memoria anual das súas actividades.
- h. Orzamento anual da entidade, incluíndo fontes de financiamento, se existisen.
- i. Ámbito de actuación e a súa finalidade de carácter veciñal.

As copias do orixinais serán cotexadas polo encargado do Rexistro ou persoa que o substitúa. (art.158 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais).

5ª.- RESOLUCIÓN DA INSCRICIÓN.

No prazo dun mes desde a presentación da solicitude de inscrición no Rexistro Xeral de Entrada municipal, agás que este fose interrompido pola necesidade de subsanar deficiencias na documentación, a Alcaldía decretará a inscrición da entidade no REMAV e notificaralle esta resolución, na que constará o número de inscrición asinado. A partir deste intre considerarase de alta a tódolos efectos.

6ª.- MODIFICACIÓN DE DATOS E VIXENCIA DA INSCRICIÓN *(refunde os artigos 6º e 7º aprobados polo Decreto 209/2005, de 7 de abril)*

As asociacións veciñais inscritas teñen a obriga de notificar ó Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que serviu de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ó da data na que dita modificación tivese lugar.

En todo caso, antes do derradeiro día hábil do mes de marzo, tódalas asociacións deberán presentar a seguinte documentación:

Con referencia ó ano anterior: Memoria das actividades realizadas, balance económico do exercicio, número de asociados ó día 31 de decembro, e calquera outra modificación que se producise co motivo da celebración da súa asemblea anual de socios ou por outros motivos previstos nos estatutos.

Con referencia ó ano en curso: Orzamento e programa anual de actividades.

A falla desta documentación poderá determinar a non continuidade da súa inscrición no REMAV, previa audiencia dos representantes da Asociación interesada.

7ª.- PUBLICIDADE DOS DATOS.

O REMAV será único, dependerá da Secretaría Xeral (Servizo Municipal de Cultura, Educación e Deportes) e os seus datos xerais serán públicos, coas restricións que prevea a normativa vixente.

Anualmente elaborárase e actualízase un Ficheiro de Asociacións que incluírá, ademais dos datos xerais individualizados que teñan declarados as entidades no momento da súa inscrición no REMAV ou da súa renovación no mesmo, as subvencións municipais que recibisen e que fixesen posible a realización das actividades. Este ficheiro será remitido a tódalas Asociacións incluídas no REMAV que o soliciten e, en todo caso realizarase un informe anual cos datos.

8ª.- CERTIFICACIÓN DOS DATOS DO REXISTRO.

As certificacións, ou copias dilixenciadas polo responsable da tramitación, expedidas sobre os datos rexistrados serán documentos que servirán para acreditar a condición da inscrición e a natureza da Asociación.